

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 21 DE NOVEMBRO DE 2019,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Decreto polo que se establece a ordenación dos campamentos de turismo.

CONSELLERÍA DO MAR

- Decreto polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se modifica o Convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Vigo polo que se prorroga a vixencia do Consorcio do Casco Vello de Vigo, para o incremento do financiamento das actividades do Consorcio durante os anos 2020 e 2021.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a través do Laboratorio de Medio Ambiente, e a entidade pública empresarial Augas de Galicia para a realización de mostraxe, análise e aplicación de índices de valoración necesarios para o proceso de avaliación do estado das masas de auga.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza á sinatura do Acordo de prórroga para o ano 2020 do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Excelentísima Deputación Provincial de Pontevedra, para a atención de menores no centro residencial "Ciudad Infantil Príncipe Felipe". Importe total: de setecentos oitenta e dous mil trescentos tres euros (782.303€).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Centro Galego de Control Leiteiro (CEGACOL) para a realización de probas para determinar o rendemento leiteiro do gando vacún dentro do Programa galego de selección e mellora da raza frisoa, para o período 2020-2023, por un importe total de tres millóns de euros (3.000.000€), e para a exención de garantías nos pagamentos á conta, de conformidade co artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

INFORMES

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Informe sobre o procedemento de licitación do hospital Gran Montecelo.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a resolución de concesión de programas integrados de emprego (PIE) en entidades sen ánimo de lucro e entidades locais 2019-2020.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Informe sobre a sinalización do Camiño de Santiago en Galicia.

A XUNTA APROBA O NOVO DECRETO QUE REGULA OS CÁMPINGS E INTRODUCIÓ A SÚA CLASIFICACIÓN POR ESTRELAS EN CINCO CATEGORÍAS

- ***O Goberno galego adapta así a normativa vixente e recolle unha tendencia estendida noutras comunidades autónomas e na Unión Europea***
- ***Tamén se establece por vez primeira a especialización dos cámpings en exclusiva para autocaravanas con servizos exclusivos e se crean os cámpings temáticos***
- ***Ademais, ábrese a porta de novas formas de explotación comercial de instalacións estables dos campamentos, como cabanas ou bungalows, a través de turoperadores***
- ***O turismo en cámpings representa o 9% da demanda turística en Galicia e está a rexistrar un incremento dun 2% no número de noites rexistradas***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o texto do novo decreto para a ordenación dos campamentos de turismo de Galicia para a súa posterior publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e entrada en vigor. Trátase dunha normativa que actualiza e renova a regulación vixente para os cámpings en Galicia, que data de 2013 e que introduce entre as principais novidades a nova clasificación por estrelas.

Ademais, a nova normativa regula tamén a creación de campamentos temáticos e, en resposta ás demandas do sector, créanse os que son exclusivos para autocaravanas que terán servizos específicos e ábrese a posibilidade de que as instalacións estables dos cámpings, como cabanas ou bungalows, poidan ser tamén comercializadas por intermediarios como turoperadores.

No que se refire á nova clasificación, Galicia poderá contar con cámpings de unha, dúas, tres, catro e cinco estrelas, unha medida coa que a Xunta adapta a súa regulación á que está implantada noutras comunidades autónomas e noutros países da Unión Europea e que substitúe a anterior clasificación que os identificaba como superior, primeiro e segundo.

O decreto establece uns criterios en función das instalacións, dos equipamentos e servizos ofertados de xeito que por exemplo, os cámpings con maior número de estrelas deberán ofertar equipamentos como piscina exterior, parque infantil, salón de lecer ou xogos, lavadoras e lavalouzas ou servizos como restaurante, cafetería, supermercado, programas de animación ou servizos de gardería, entre outros.

Para que os cámpings actuais se adapten á clasificación por estrelas, a normativa galega fixa un réxime transitorio de cinco anos. Polo tanto, de xeito inmediato os cámpings en funcionamento poderán seguir facéndoo nas condicións en que están autorizados sen necesidade de adaptarse ás prescricións deste decreto de xeito inminente, salvo as relativas á seguridade.

O novo decreto tamén facilitará que, de xeito complementario a estar clasificados por estrelas, poidan agora tamén especializarse en tres áreas. Ata o momento só podían obter o distintivo de cámping de turismo verde sempre que tivesen unha serie de certificacións que

así o acreditasen. Créanse agora tamén dúas novas figuras: a dos cámpings de turismo temático nos cales as súas instalacións e servizos correspondan a un tema ou materia específica (cultural, deportivo...) e haberá, por primeira vez, cámpings exclusivos para autocaravanas estando prohibida neste caso a instalación de tendas de campaña. Os novos cámpings exclusivos para autocaravanas deberán contar con servizos específicos para eles como máquina expendedora de bebidas ou vending, lavabos, baños e duchas independentes, servizo de auga quente e servizos hixiénicos para persoas con discapacidade, entre outras. Quedan excluídas nesta nova especialización as zonas municipais de acollida e pernoita para autocaravanas en tránsito, cuxa regulación seguirá correspondendo á Administración local.

Outra das novidades que incorpora a normativa é que as instalacións estables que estean situadas no cámpings –tales como cabanas ou bungalows, entre outros– poderán ser explotadas comercialmente a través de intermediarios como turoperadores. Nestes casos, o titular do cámping deberá acreditar a dispoñibilidade desas instalacións e será o responsable fronte aos usuarios do cumprimento das condicións establecidas e da normativa turística.

Máis de 120 cámpings

O texto do novo decreto aprobado hoxe polo Consello da Xunta consta de 37 artigos, estruturados en seis capítulos, tres disposicións adicionais, tres disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras.

O texto pasou todos os trámites e é froito do diálogo co sector, foron remitidos os documentos tanto ao Consello Consultivo como ao Clúster de Turismo, asociacións especializadas, ao Consello Galego de Consumidores e Usuarios e a todos os departamentos da Xunta de Galicia. Ademais, estivo dispoñible para consulta pública previa e mantivo aberto ao prazo para recibir suxestións durante os meses de febreiro e marzo do ano pasado.

A nova regulación afectará en exclusiva os cámpings de turismo, quedan excluídos os cámpings xuvenís, albergues, centros e colonias de vacacións escolares, as áreas provisionais de acampada por eventos culturais, recreativos ou deportivos, así como toda clase de acampadas non turísticas que estean reguladas polas súas normas específicas.

Con esta regulación, a Xunta avanza na excelencia na calidade da atención aos viaxeiros que recibe a Comunidade e reforza as garantías e a salvagarda aos profesionais do sector cunha normativa actualizada e adaptada aos tempos. O decreto repercutirá directamente nos máis de 120 cámpings dados de alta no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas (REAT), que suman máis de 34.000 prazas. Este tipo de turismo en cámpings consolídase na nosa Comunidade. Representa o 9,3% da demanda turística en Galicia e só o ano pasado medrou un 2%.

O decreto de ordenación dos campamentos de turismo de Galicia entrará en vigor aos 20 días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

APROBADO O DECRETO QUE IMPULSA A XESTIÓN SUSTENTABLE DO MARISQUEO EN GALICIA E AXILIZA A TRAMITACIÓN ADMINISTRATIVA NESTE ÁMBITO

- ***O Consello da Xunta deu luz verde hoxe ao texto desta nova normativa que regula a conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas e que inclúe un novo concepto de plans de xestión con obxectivos a tres anos***
- ***Os plans actuais prorrogaranse ata a entrada en vigor dos primeiros plans de xestión trianual para marisqueo de recursos xerais no período 2021-2023 e os primeiros de recursos específicos entre os anos 2022 e 2024***
- ***Para responder a iniciativas do sector como a xestión de novos recursos, novas zonas principais de traballo ou novas técnicas ou artes regulamentarias, poderán aprobarse plans de xestión de vixencia inferior a tres anos***
- ***Dentro das actividades de marisqueo inclúese a realización de turismo mariño polos mariscadores en apoio do uso sustentable dos recursos***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas, unha normativa que busca impulsar a xestión sustentable do marisqueo, adaptar a regulación desta actividade á situación actual do sector e mellorar a eficiencia na resolución dos procedementos relacionados coa elaboración e desenvolvemento das actividades dos plans de xestión dos recursos marisqueiros e das algas.

O texto desta nova norma, que se publicará proximamente no *Diario Oficial de Galicia*, establece a gobernanza dos recursos marisqueiros e das algas mediante un novo concepto de plans de xestión con obxectivos -tanto biolóxicos como ecolóxicos e socioeconómicos- a tres anos. Este período de tres anos considérase axeitado para observar a evolución e os posibles cambios de tendencia nos recursos, polo que o decreto establece que nos próximos anos se prorrogarán tanto o Plan xeral de explotación marisqueira de 2019 como os plans de xestión para recursos específicos deste ano. Deste xeito, os primeiros plans de xestión trianual de marisqueo de recursos xerais estarán vixentes no período 2021-2023 e os primeiros de recursos específicos entre os anos 2022-2024.

Non obstante, co obxectivo de responder a novas iniciativas do sector produtor como a xestión de novos recursos, novas zonas principais de traballo ou o emprego de novas técnicas ou artes regulamentarias, poderán aprobarse novos plans de xestión de vixencia inferior a tres anos, o que permitirá determinar a súa viabilidade antes de que sexan incorporados como plans trianuais.

Esta nova regulación da actividade cunha configuración plurianual mantén o enfoque da coxestión e gobernanza dos recursos coa participación do sector e establece un marco flexible que permite, durante o seu desenvolvemento, adaptar as medidas de xestión á situación existente, logo da consulta coas entidades titulares dos plans de xestión.

En canto aos permisos de explotación para marisqueo a pé, estes seguirán tendo carácter anual, mentres que as modalidades de recursos específicos desde embarcación, terán carácter trianual e prorroganse os renovados neste ano ata que comece a aplicarse o primeiro plan trianual.

Neste sentido, co obxectivo de favorecer a renovación dos permisos de explotación para marisqueo a pé ante situacións que os profesionais non poden prever ou evitar, computaranse os períodos que a persoa estivo inactiva por causa debidamente xustificada, non limitándose ás causas de forza maior.

Como causa xustificada de inactividade recoñécese, ademais, o tempo empregado en labores de representación de postos de dirección das confrarías e federacións de confrarías ao tempo que pasa a incluírse dentro das actividades de marisqueo a realización de turismo mariño polos mariscadores en apoio do uso sustentable dos recursos.

O texto aprobado polo Consello da Xunta tamén prevé a posibilidade de autorizar a actividade extractiva en situacións que afecten o normal desenvolvemento do plan e datas de celebración sinaladas, Semana Santa e decembro, co que se podería permitir a extracción en sábados ou festivos sempre que esa posibilidade se recolla no plan de xestión correspondente.

Actualización da normativa

O decreto do marisqueo pretende actualizar unha regulación que databa de 1993, do Decreto 423/1993, do 17 de decembro, e adaptala á situación actual. Nese sentido, a Consellería do Mar entende que esta norma é o instrumento máis axeitado para mellorar a xestión do marisqueo en Galicia ao ampliar os períodos de vixencia dos plans de xestión e ter en conta non só aspectos produtivos ou económicos, senón tamén ambientais, sociais e de emprego.

O Executivo galego contou coa participación do sector para a elaboración do texto, que foi sometido ao trámite de audiencia e de exposición pública ao tempo que os técnicos da Xunta mantiveron varias reunións coas confrarías e federacións de confrarías co obxectivo de escoitar as súas achegas. O documento tamén estivo dispoñible na web de transparencia do Goberno autonómico co obxectivo de que calquera cidadán puidese facer suxestións ao texto. Tras sometelo ao ditame do Consello Consultivo e ter en conta as súas observacións, agora o Consello da Xunta dá luz verde a este texto.

A XUNTA DUPLICA A ACHEGA DO INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO AO CONSORCIO DO CASCO VELLO DE VIGO NOS PRÓXIMOS DOUS ANOS

- ***O convenio asinado en 2017 establecía unha achega anual de 200.000 euros, que agora se modifica e se amplía ata os 400.000 anuais para os vindeiros dous exercicios***
- ***O Consorcio do Casco Vello de Vigo xa rehabilitou 60 inmobles nunha das zonas máis degradadas da Cidade olívica, obtendo 106 vivendas e 32 locais comerciais***

A Xunta de Galicia duplicará a súa achega ao Consorcio do Casco Vello de Vigo nos anos 2020 e 2021, ata chegar a un orzamento de 400.000 euros no ano 2020 e doutros 400.000 no 2021.

Así se establece na modificación do convenio de colaboración, aprobada esta mañá polo Consello da Xunta, entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) e o Concello de Vigo, polo que se prorrogou a vixencia do Consorcio.

Con esta modificación, o IGVS achegará ao Consorcio 400.000 euros en cada unha das anualidades 2020 e 2021, o que supón duplicar os 200.000 euros previstos inicialmente. O IGVS mantén no Consorcio o 90 por cento do capital do mesmo.

Cómpre lembrar que en 2017 remataba a súa vixencia, ante a necesidade de continuar desenvolvendo actuacións de rehabilitación na zona, o IGVS propuxo a prórroga da súa vixencia ata o 31 de decembro de 2021, polo que se asinou un novo acordo entre as partes. A modificación autorizada esta mañá implica duplicar a achega das administracións asinantes nos vindeiros dous exercicios.

O Consorcio do Casco Vello de Vigo naceu en febreiro de 2005, co obxectivo de actuar na rehabilitación da zona máis degradada do concello vigués. Dende a súa creación, o Consorcio do Casco Vello de Vigo adquiriu 78 inmobles, dos que 60 xa están rehabilitados e outros seis están en fase de rehabilitación actualmente. Nos inmobles rehabilitados polo Consorcio obtivéronse 106 vivendas e 32 locais comerciais.

Para 2020 o Consorcio do Casco Vello de Vigo conta cun orzamento de 1,64 millóns de euros e prevé duplicar os investimentos realizados en 2019.

A XUNTA AUTORIZA O INVESTIMENTO DE 3,1 MILLÓNS DE EUROS NO CONTROL E SEGUIMENTO DA CALIDADE DAS AUGAS DA DEMARCAÇÃO HIDROGRÁFICA GALICIA-COSTA NOS VINDEIROS DOUS ANOS

- ***O Consello dálle o visto e praxe ao convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Laboratorio de Medio Ambiente***
- ***Este acordo entrará en vigor o vindeiro 1 de xaneiro de 2020 e prolongarase durante dous anos, cun orzamento autonómico duns 3,1 millóns de euros***
- ***Os traballos céntranse na avaliación dos distintos indicadores fisico-químicos, biolóxicos, hidromorfolóxicos e químicos que radiografían a situación do ríos, encoros ou augas costeiras da demarcación e comprobán a súa evolución***
- ***A Xunta, a través dun mellor aproveitamento dos recursos da Administración, contribúe con estas accións á conservación dos sistemas fluviais e costeiros***
- ***O Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia realiza a toma de mostras en augas superficiais continentais, costeiras e de transición, así como o seu transporte e custodia ata as instalacións do laboratorio, onde se desenvolverán as análises***
- ***Augas de Galicia exercerá a dirección técnica das accións que son obxecto do citado convenio***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o acordo de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a través do Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia, e a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, mediante Augas de Galicia, para avaliar o estado das masas de auga da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa.

Este acordo entrará en vigor o vindeiro 1 de xaneiro de 2020 e prolongarase durante dous anos, cun orzamento estimado de 3,1 millóns de euros.

O convenio ten por obxecto regular a cooperación entre ambos os departamentos de cara a unha adecuada programación e desenvolvemento da análise e xestión das redes de control definidas no Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa.

A Xunta, a través dun mellor aproveitamento dos recursos propios da Administración, contribúe así con estas accións a determinar o estado das masas de auga superficiais da demarcación e á conservación dos sistemas fluviais e costeiros.

Augas de Galicia vén realizando un continuo traballo de seguimento e control da calidade da auga desta demarcación. Estas accións están organizadas en distintos programas cos que se valora o cumprimento dos obxectivos ambientais que exige a lexislación actual, e que parte do marco común europeo.

Os traballos céntranse no cálculo dos distintos indicadores fisico-químicos, biolóxicos, hidromorfolóxicos e químicos que radiografan a situación do ríos, encoros ou augas costeiras da demarcación e comprobán a evolución do seu estado.

Compromisos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Por unha parte, o Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia (LMAG) asume o compromiso de realizar a toma de mostras en augas superficiais continentais, augas costeiras e augas de transición, así como o seu transporte e custodia ata as instalacións do laboratorio, onde se desenvolverán as actividades correspondentes para a súa análise.

O Laboratorio manterá informado o organismo competente en materia de augas da marcha dos traballos, entregaralle os resultados periodicamente e facilitaralle todos os datos e a información que lle soliciten ao respecto.

Por outra parte, Augas de Galicia, entidade pública adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, e responsable da xestión da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, exercerá a dirección técnica do desenvolvemento das accións.

A XUNTA DE GALICIA FINANCIA CON 782.000 EUROS 89 PRAZAS PÚBLICAS PARA MENORES NA CIDADE INFANTIL PRÍNCIPE FELIPE DE PONTEVEDRA

- ***Este importe sufragará os custos de prestar o servizo durante 2020***

O Consello da Xunta de Galicia deu luz verde a un novo convenio coa Deputación Provincial de Pontevedra, cun importe de 782.000 euros para ofrecer 89 prazas no centro de menores Cidade Infantil Príncipe Felipe, das cales 65 son residenciais e 24 de centro de día. Das prazas de residencia, 15 son para nenos de ata 8 anos e 50 para maiores desta idade.

Estas prazas distribuiranse en función das necesidades dos menores nos tres centros con que conta este complexo, que suma en total 240 prazas. Os tres centros con que conta son un centro materno-infantil para nenas e nenos de 8 anos, e dous infanto-xuvenís para rapazas e rapaces de entre 8 e 18 anos.

Co importe que achega a Xunta de Galicia á Deputación de Pontevedra, garántese o mantemento que ten a prestación deste servizo de protección de menores durante todo o ano 2020.

A XUNTA INVESTIRÁ 3 MILLÓNS DE EUROS ATA 2023 NA MELLORA DA CALIDADE XENÉTICA DO GANDO FRISÓN A TRAVÉS DO CONTROL DO RENDEMENTO LEITEIRO

- ***Medio Rural e o Cegacol revalidan así a súa colaboración cun novo convenio de colaboración para a realización de probas que determinen o rendemento leiteiro do gando vacún no período 2020-2023***
- ***Para esta nova colaboración incrementouse un 12,78 % o seu orzamento con respecto ao anterior convenio (2016-2019)***
- ***O control leiteiro oficial ten unha influencia clara e directa no porvir do sector lácteo galego, como base da mellora xenética nos esquemas de selección e na sustentabilidade e rendibilidade económica das propias explotacións***

O Consello da Xunta avaliou hoxe o novo convenio de colaboración que asinará a Consellería do Medio Rural co Centro Galego de Control Leiteiro (Cegacol) para a realización de probas para determinar o rendemento leiteiro do gando vacún, dentro do Programa galego de selección e mellora da raza Frisona. Este convenio será para o período 2020-2023.

Así, este acordo revalida a colaboración que manteñen ambos os organismos en defensa do sector lácteo desde o ano 2011. Para este novo período, o convenio ten unha dotación orzamentaria de 3 millóns de euros, un 12,78 % máis que na anterior etapa (2016-2019), a razón de 750.000 euros anuais.

A finalidade deste convenio é regular as condicións de cooperación entre a Xunta e o Cegacol para levar a cabo un correcto desenvolvemento das probas que determinen o rendemento do gando leiteiro daquelas explotacións que participen no Control Leiteiro Oficial, co fin de mellorar a calidade xenética do gando vacún frisón de Galicia. Así, o devandito centro comprométese a realizar a toma de mostras e recollida de datos para o control de rendementos.

Cómpre salientar que as explotacións galegas en control leiteiro son responsables das dúas terceiras partes do leite que se comercializa en Galicia e, practicamente, toda a produción láctea galega provén de animais da raza frisona. Por iso, un control leiteiro eficiente é imprescindible para que o programa de selección xenética sexa eficaz, xa que permite rexistrar obxectiva e sistematicamente a produción e a calidade do leite das vacas das explotacións galegas que colaboran co programa, co fin de estimar o valor xenético da poboación, facilitar os procesos de selección do gando e que os propios produtores non dependan do material xenético importado.

Eficiencia

O obxectivo do control leiteiro oficial é a valoración xenética dos animais reprodutores, de cara a determinar cales se poden mellorar, polo que a recompilación dos datos e a súa

correcta asignación aos animais inscritos no Libro Xenealóxico da Raza requiren unha alta eficiencia nos rexistros, para garantir a fiabilidade da información.

A maiores, mediante a subscrición deste convenio, facilítaselle tamén ás explotacións unha ferramenta fundamental na súa xestión, posto que permite ao gandeiro tomar decisións técnicas de gran importancia, como son a optimización da alimentación dos animais de acordo coa súa produción ou a eliminación de femias pouco eficientes, obtendo así un maior grao de produtividade. Isto permitiralle acadar unha mellor calidade do leite e, por conseguinte, unha maior solvencia económica e rendibilidade para a explotación.

En definitiva, o control leiteiro oficial ten unha influencia clara e directa no porvir do sector lácteo galego, como base da mellora xenética nos esquemas de selección e desde o punto de vista da sustentabilidade e rendibilidade económica.

Esta colaboración realizarase co Cegacol en virtude do Real decreto polo que se regula o control oficial do rendemento leiteiro para a avaliación xenética nas especies bovina, ovina e cabrúa, e que establece que a organización do control leiteiro debe estruturarse arredor de centros autonómicos de control. En Galicia, o Decreto polo que se establece a estrutura organizativa responsable do funcionamento do control leiteiro oficial recolle que se designan ás asociacións provinciais de control de rendemento leiteiro (Africor) como Centro Galego de Control Leiteiro.

O CONSELLO DA XUNTA ACORDA INICIAR OS TRÁMITES DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REFORMA E AMPLIACIÓN DO HOSPITAL PÚBLICO GRAN MONTECELO, EN PONTEVEDRA, POR CASE 115 MILLÓNS DE EUROS

- ***O Goberno galego publicará de forma inmediata no Diario Oficial da UE o anuncio previo da licitación da primeira fase dos traballos, que prevé iniciar a mediados de 2020***
- ***Esta medida permitirá axilizar os trámites do proceso de contratación das obras***
- ***Consistirán na construción dun novo edificio de 10 andares e case 75.000 metros cadrados***
- ***Nunha segunda fase acometerase a reforma do edificio hospitalario actual, que suporá un investimento de aproximadamente 25 millóns de euros, acadando o desembolso total os 140 millóns de euros***
- ***A Xunta aprobou xa o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do complexo hospitalario e está a culminar as expropiacións, que supoñen un investimento adicional de 3,8 millóns de euros***
- ***O Gran Montecelo permitirá responder ás necesidades sanitarias dunha poboación de máis de 300.000 persoas de 26 concellos durante os próximos 50 anos***

O Consello da Xunta acordou hoxe iniciar os trámites necesarios para a contratación das obras de reforma e ampliación do Hospital Público Gran Montecelo, en Pontevedra. Consonte o informe analizado hoxe polo Goberno galego, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade remitirá de forma inmediata ao *Diario Oficial da Unión Europea*, para a súa publicación, o anuncio previo de licitación das obras da primeira fase, que suporán un investimento autonómico de case 115 millóns de euros.

Este trámite supón o primeiro paso no proceso de contratación das obras do Gran Montecelo, que a Xunta prevé comezar a executar a mediados de 2020. Con este anuncio será posible axilizar os prazos desa tramitación.

Esta primeira fase dos traballos consistirá na construción dun novo edificio hospitalario dotado cunha superficie de case 75.000 metros cadrados distribuídos en 10 andares. Esta nova construción estará composta por dous corpos, prevendo que o primeiro volume, destinado a servizos ambulatorios, actúe como zócalo dun segundo volume que albergará as áreas de hospitalización.

Nunha segunda fase acometerase a reforma do edificio hospitalario actual, que suporá un investimento de aproximadamente 25 millóns de euros, acadando o desembolso total os 140 millóns de euros.

Contará con espazos máis acolledores en áreas máis sensibles, como a diálise, o hospital de día de oncoloxía, coidados paliativos ou a zona materno-infantil. Segundo recolle o Plan director, preto do 60% dos cuartos serán individuais (fronte ao 36% actuais), aumentará nun 92% o número de salas e postos de urxencias, e súmanse un 49% máis de postos no Hospital de día (que pasan de 109 a 162), incluíndo, deste xeito, melloras na comodidade,

na intimidade e nos espazos de esparcemento para pacientes e familiares. E disporá dos novos servizos de radioterapia, UCI pediátrica e medicina nuclear.



A Xunta aprobou xa o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do complexo hospitalario e está a culminar as expropiacións, que supoñen un investimento adicional de 3,8 millóns de euros.

O Gran Montecelo permitirá responder ás necesidades sanitarias dunha poboación de 300.000 persoas de 26 concellos durante os próximos 50 anos

A XUNTA INVISTE PRETO DE 10M€ NA POSTA EN MARCHA DE 43 PROGRAMAS INTEGRADOS DE EMPREGO PARA INCREMENTAR AS OPORTUNIDADES LABORAIS DE 4300 PERSOAS DESEMPREGADAS

- **Combina durante un ano formación e prácticas en empresas co obxectivo de que, como mínimo, o 35% dos participantes accedan ao mercado de traballo**
- **Cinco das iniciativas destinaranse exclusivamente a mulleres**
- **Como novidade con respecto a convocatorias anteriores, a formación -dun mínimo de 300 horas de duración- está dirixida a obtención de, polo menos, un certificado de profesionalidade**
- **Deuse prioridade a proxectos innovadores e aos promovidos por concellos agrupados ou fusionados e por concellos emprendedores**
- **Valorouse a participación no proxecto do tecido empresarial da zona onde se impartirá o programa para axustarse así ás súas necesidades**

A Xunta resolveu a convocatoria de axudas dos programas integrados de emprego, dirixidas tanto aos concellos como ás entidades sen ánimo de lucro, e que permitirán a celebración dun total de 43 iniciativas para incrementar a formación e as oportunidades laborais de 4300 persoas desempregadas da Comunidade cun investimento de preto de 10M€.

En concreto, desenvolveranse 22 programas en concellos, mancomunidades e entidades dependentes -cun investimento de 5M€- e 21 por institucións sen ánimo de lucro -ás que se destinarán 4,9M€-. Do total, 5 estarán destinados en exclusiva a mulleres desempregadas, atendendo ao compromiso da Xunta co apoio ao emprego feminino.

Tras a resolución, levarase a cabo a selección dos participantes durante un prazo máximo de dous meses a través das oficinas de emprego e terán prioridade as persoas con discapacidade, en risco de exclusión social, mulleres en condición de vítimas de violencia de xénero, menores de 30 anos, maiores de 45, ou inmigrantes, entre outros colectivos.

Nesta convocatoria primáronse aqueles proxectos con implicación do tecido empresarial de cada zona, acreditado mediante cartas de compromiso e xustificación de que as accións propostas e a finalidade se axustan ás súas necesidades -co obxectivo de que os programas se centren nas demandas laborais de cada comarca-. Tamén se dá prioridade a aqueles plans de xestión compartida -é dicir, promovidos por concellos agrupados ou fusionados-, así como os que leven a cabo concellos emprendedores. Ademais, introduciuse o colectivo de persoas beneficiarias da renda de inclusión social de Galicia e a formación está dirixida á obtención, polo menos, dun certificado de profesionalidade.

Os programas integrados de emprego, que teñen un ano de duración, están enfocados a mellorar a ocupación dos desempregados establecendo como obxectivo a inserción laboral dun mínimo do 35 % dos seus participantes. Cada plan integrado inclúe accións personalizadas de diversa natureza -como información, orientación, asesoramento e formación- combinadas con prácticas laborais.

Desde 2009 o orzamento destinado pola Xunta de Galicia aos programas integrados de emprego ascende a 55,5 millóns de euros, dos cales se beneficiaron 34.000 persoas desempregadas.

Máis oportunidades laborais

A actuación forma parte da Axenda 20 para o Emprego, a planificación do Goberno galego en materia laboral para impulsar o traballo estable e de calidade e coa que se pretende en 2020 reducir a taxa de paro ata o 10 % coa creación de, polo menos, 80.000 novos postos de traballo.

O Goberno galego, a través desta folia de ruta, vén activando ao longo deste ano diversos programas e axudas enfocados a ampliar as oportunidades laborais dos galegos e galegas, como son os cursos de formación para desempregados e ocupados; ou os obradoiros duais, que combinan un contrato de formación e aprendizaxe durante 9 meses e a contratación en prácticas de, como mínimo, tres meses máis nunha empresa situada no ámbito territorial onde teña lugar o obradoiro, e sempre que o traballo estea vinculado coas materias que se impartan no programa. Con este tipo de actuacións, o Goberno galego contribúe a reducir as cifras do desemprego na Comunidade.

A XUNTA INVISTE 12 MILLÓNS DE EUROS NA SINALIZACIÓN DE MÁIS DE 1.650 QUILÓMETROS DO CAMIÑO DE SANTIAGO EN 126 CONCELLOS

- ***En marcha desde 2015, estes traballos completaranse o ano que vén cun investimento de máis de 3 millóns de euros no Camiño de Inverno***
- ***Neste período, instaláronse preto de 5.500 sinais nos diferentes itinerarios ao abeiro destas actuacións que incluíron medidas de mellora do trazado***
- ***A mellora da sinalización forma parte das accións recollidas no Plan estratéxico do Xacobeo 21 para a mellora e posta en valor das distintas rutas***

A Xunta investiu desde 2015 preto de 12 millóns de euros que permitiron sinalizar máis de 1.650 quilómetros do Camiño de Santiago en 126 concellos das catro provincias. Así o reflicte o balance das actuacións realizadas ao abeiro do Plan de Sinalización que hoxe analizou o Consello da Xunta e que recolle que desde o ano 2015 o Goberno galego instalou máis de 5.500 sinais nos diferentes itinerarios grazas ao impulso do Plan director do Camiño de Santiago.

Este plan recolle un investimento de 2,1 millóns de euros neste 2019 para a mellora da sinalización da Vía da Prata que se están a executar neste momento. O ano que vén completaranse todos os itinerarios coas actuacións na última ruta pendente, o Camiño de Inverno, no que está previsto un investimento de 3 millóns de euros recollido no proxecto de Lei de orzamentos para 2021. O proxecto para acometer estas actuacións está en fase de redacción e está previsto que estea listo a finais de ano.

Galicia conta cunha ampla experiencia nos últimos 25 anos na preservación, xestión, e sinalización oficial do Camiño de Santiago, unha competencia exclusiva do Goberno galego. De feito, todas as actuacións realizadas responden ás consideracións recollidas no Manual de sinalización turística de Galicia aprobado en 2012, unhas directrices que, posteriormente, foron asumidas polo Consejo Xacobeo a nivel nacional. Así mesmo, Portugal asumiu como propias estas directrices para favorecer a sinalización dos Camiños do país luso.

Actuacións nos diferentes Camiños

En total, desde 2015 instaláronse 5.542 sinais na diferentes rutas: 3.752 fitos de pedra, 1.135 cunchas de cerámica, 165 cunchas de bronce e 490 sinais verticais. Precisamente, no ano 2015 investíronse no Camiño Francés máis de 750.000 euros en actuacións de recuperación, sinalización e melloras que permitiron instalar 840 sinais en 194 quilómetros ao longo de 12 concellos.

No ano 2016 foi a quenda do Camiño Primitivo e o Camiño do Norte, no que se investiron máis de 1,1 e 1,7 millóns, respectivamente, que permitiron instalar 665 sinais en 132 quilómetros de 7 concellos do primeiro dos itinerarios e 1.226 sinais en 274 quilómetros e 12 concellos no caso da segunda das citadas rutas. Durante o 2017, o Camiño Inglés recibiu máis de 805.000 euros que permitiron instalar 914 sinais en ao longo de 146 quilómetros de

18 concellos. Tamén se actuou no Camiño de Fisterra e Muxía por valor de 560.000 euros que favoreceron a instalación de 779 sinais en 147 quilómetros de 9 concellos.

O ano pasado foi a quenda do Camiño Portugués e o Camiño Portugués pola Costa por 1,7 millóns de euros e que permitiron instalar 330 sinais en 209 quilómetros de 22 concellos. Este ano estanse executando actuacións na Vía da Prata, na que se investiron máis de 2,1 millóns de euros que favoreceron a instalación de 788 sinais ao longo de 403 quilómetros de 33 concellos; e o ano que vén as accións de sinalización completaranse coa última ruta pendente, o Camiño de Inverno, actuando en 175 quilómetros de 13 concellos cun investimento de 3 millóns de euros.

Actuacións de mellora e posta en valor do Camiño

A mellora da sinalización forma parte das accións recollidas no eixe Soporte do Plan Estratéxico do Xacobeo 21 para a mellora e posta en valor das diferentes rutas. Entre esas accións, e co obxectivo de que os distintos trazados cheguen a esa cita no mellor estado posible, púxose en marcha o Plan de mantemento, cun investimento de 15,6 millóns.

A este proxecto súmaselle o Plan de albergues aprobado o pasado mes de setembro e que conta cun investimento de máis de 7 millóns de euros para crear oito novos establecementos da rede pública a través da rehabilitación de edificios históricos en distintas rutas do Camiño de Santiago. Ademais, a pasada semana aprobáronse axudas por 1,2 millóns de euros dentro do Plan de embelecemento do Camiño de Santiago para acometer máis dun cento de actuacións de mellora paisaxística nas diferentes rutas.